

- Tódalas árbores e sementes a empregar reunirán as condicións suficientes de pureza, potencia xerminativa e ausencia de pragas e enfermidades que garanten o éxito da revexetación.

- Procederáse ao rego regular, ao abonado mineral de reforzo anual e á resemanteira das superficies nas que aparezan calvas e/ou avultamentos ata que se asegure a viabilidade da revexetación.

- Estableceranse as medidas correctoras necesarias co fin de minimiza-la contaminación luminosa.

- Establecerán medidas encamiñadas ao mantemento das infraestruturas locais existentes que sexan utilizadas na execución do proxecto, procedéndose á reparación dos estragos ou danos ocasionados nelas, de se-lo caso.

4.6.- NORMAS DE PARCELACIÓN

ARTIGO 45.- XENERALIDADES

Enténdese por parcelación a subdivisión simultánea o sucesiva de parcelas, o a agrupación das mesmas previstas na ordenación do Plan de Sectorización.

Toda agrupación o segregación das parcelas citadas anteriormente deberán:

- Respecta-la estrutura urbanística que fixa o Plan de Sectorización.

- Facer posible as acometidas dos demais servizos urbanísticos.

- Diseñar parcelas edificables de acordo coa normativa do Plan de Sectorización.

Toda parcelación estará sometida a previa licenza municipal.

ARTIGO 46.- AGRUPACIÓN DE PARCELAS

Permítese agrupar parcelas para formar outras de maiores dimensións.

As parcelas resultantes estarán suxeitas, en todo caso, ás prescricións que as Ordenanzas Particulares sinalan.

Non se permite a agrupación de parcelas de distinta ordenanza de aplicación.

ARTIGO 47.- SEGREGACIÓN DE PARCELAS. PARCELA MÍNIMA

Poderanse dividir parcelas para formar outras de menor tamaño, sempre que cumpran os seguintes requisitos:

- As parcelas resultantes non serán menores da mínima establecida para cada zona nas ordenanzas particulares.

- Cada unha das novas parcelas cumprirá cos parámetros reguladores da ordenación establecida nos Proxectos de Compensación e Reparcelación.

- Resólvese adecuadamente a dotación de tódolos servizos existentes para cada unha das parcelas resultantes.

- Se con motivo da subdivisión de parcelas fora preciso realizar obras de urbanización, estas executaranse con cargo ao titular da parcela orixinaria.

- A esixencia de prazas de aparcamento privadas repartiráse proporcionalmente á edificabilidade de cada parcela.

- A nova parcelación, así mesmo, será obxecto de licenza municipal.

Coristanco, 18 de outubro de 2006.-

O ALCALDE,

Asdo. Antonio Pensado Plágaro.

11901-0

ORDES

EDICTO

Información pública

Mediante Decreto de Alcaldía, de fecha 11/10/06, de conformidad con lo establecido en el art. 49.1 de la Ley reguladora de la jurisdicción contencioso-administrativa, se acordó la remisión al Juzgado de lo contencioso-administrativo nº 2 de A Coruña del expediente administrativo: concesión demanial construción y explotación de una pista para karts, patinetes, patines, coches a pedales y coches teledirigidos en el parque empresarial de Ordes. Recurso contencioso-administrativo nº 254/2006, procedimiento ordinario, recurrente: D. Ricardo Remuñan Couto y D. Santiago Landeira Sánchez.

De conformidad con lo establecido en el art. 59.5 de la Ley 30/1992, de 26 de noviembre, se emplaza a cuantos interesados como titulares de derechos o intereses legítimos que puedan resultar afectados por la decisión que en relación con dicho expediente administrativo se adopte, para que puedan comparecer y personarse como demandados ante ese juzgado, asistidos de abogado a pedales y coches teledirigidos en el plazo de nueve días, comunicándoles que, si se personan fuera del plazo indicado se les tendrá por parte, sin que por ello deba retrotraerse ni interrumpirse el curso del procedimiento, y que, si no se personaran, continuar el procedimiento por sus trámites, sin que se les haga ninguna notificación.

Ordes, 11 de octubre de 2.006

EL ALCALDE-PRESIDENTE

Teodosio Martino Martino

11887-0

SADA

ANUNCIO

Aprobación definitiva do Regulamento do Consello Escolar Municipal

O Pleno da Corporación municipal deste Concello, na sesión celebrada con carácter extraordinario o día 29 de setembro de 2006, entre outros, prestou aprobación definitiva ao Regulamento do Consello Escolar Municipal; e de conformidade co disposto no artigo 49 c) da Lei 7/1985, do 2 de abril, texto que xa foi publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña núm. 177, do 3 de agosto de 2006 e que entrará en vigor transcorrido o prazo ao que se refire o artigo 70.2 en relación co 65.2.

Sada, 13 de outubro de 2006

O Alcalde

Asdo.: Ramón Rodríguez Ares

11929-0

SADA

ANUNCIO

Aprobación definitiva da taxa por servizos de recollida, estancia e mantención de cans abandonados

O Pleno da Corporación municipal deste Concello, na sesión celebrada con carácter extraordinario o día 29 de setembro de 2006, entre outros, prestou aprobación definitiva á taxa re-